



BASES

BONOS SON DA CASA 2025

OBXECTO.

O obxecto desta iniciativa é dinamizar o comercio local e reactivar a actividade económica de Vilagarcía incentivando a compra de proximidade.

A **Concellería de Promoción Económica** do Concello de Vilagarcía pon en marcha no presente ano **2025** unha nova edición da iniciativa “**BONOS SON DA CASA!**”, mediante a emisión de Bonos para o consumo nos negocios, **establecementos comerciais e hostaleiros** da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

As **Bases reguladoras** da iniciativa **Bonos Son Da Casa! 2025**, son as seguintes:

BASE PRIMEIRA. CONTÍA A APORTAR POLO CONCELLO.

O Concello de Vilagarcía aportará a cantidade de **37.500€** para a emisión dunha partida de **3.750 Paquetes de bonos por valor de 30€ c/u**, repartidos así:

Dous bonos por valor de **10€** e outros **dous** por valor de **5€** => (10€+10€ + 5€+5€).

O **custo** de adquisición para os cidadáns será de **20€** por cada **paquete** de Bonos, asumindo o Concello a cantidade de **10€** por cada **paquete** de Bonos.

O importe dos Bonos non consumidos non será recuperable

O importe de cada Bono deberá gastarse nun único establecemento comercial ou de hostalaría.



BASE SEGUNDA. VENDA E DURACIÓN DA CAMPAÑA 2025.

A **venda de bonos** comezará o **1 de decembro do 2025** ata o esgotamento dos bonos.

O **prazo límite** para **gastar** os Bonos rematará o **1 de xaneiro de 2026** (este inclusive).

BASE TERCEIRA. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA.

A efectos de facilitar a tramitación e xestión da presente campaña, aqueles establecementos que desexen incorporarse ou continuar participando na campaña nesta edición 2025, deberán confirmar a súa opción mediante instancia xenérica a través da sede electrónica do Concello a partir do día de publicación das seguintes bases.

Os establecementos que non soliciten formalmente continuar participando, serán eliminados da relación de establecementos adheridos. A fin de evitar prexuízos á cidadanía, deberán retirar dos seus escaparates e/ou fachadas os distintivos/logotipos identificadores de establecemento participante.

Os **distintivos acreditativos da participación na Campaña 2025**, estarán a disposición dos establecementos, no departamento de **Promoción Económica** do Concello (Tel: 986.099.200 Ext: 218/220) e na sede da **Asociación Colaboradora Zona Aberta**.

BASE CUARTA. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESION.

Os novos establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar co Modelo de **Instancia Xenérica (10001)** solicitando a adhesión á Campaña **SON DA CASA! 2025**, a través da Sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal).

Xunto coa solicitude aportarán os datos relativos ao seu negocio e un **certificado de titularidade da Conta Bancaria designada** para a consignación dos aboamentos que correspondan en función das vendas realizadas.



Outra documentación: a organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario.

BASE QUINTA. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO.

O establecemento adherido comprométese a, aportar, en tempo e prazo a documentación que lle sexa requirida dende o Concello

Así mesmo os negocios adheridos deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter a disposición da clientela unha **Copia das Bases** para a súa consulta.
- Situar en lugar visible na entrada dos establecementos o **Cartel Identificativo** da Campaña 2025.
- Facer un **uso responsable dos Bonos** evitando calquera uso fraudulento dos mesmos.

BASE SEXTA. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DOS BONOS.

- Cada **Paquete de Bonos** ten un **Valor Total** de **30€**, dividido así:
(2 bonos de 10€ e 2 bonos de 5€ => **10€+10€ + 5€+5€**).
- **Custo** de adquisición de cada **Paquete de Bonos** para a cidadanía: **20€**.
- **Aforro** para a cidadanía en cada paquete de Bonos adquirido: **10€**.
- So se poderá adquirir un máximo de **2 Paquetes de Bonos** por DNI ou NIE (sempre orixinais); polo que so se poderá acumular un **valor máximo** de **60€** por persoa.
- O número **Total** de **Paquetes de Bonos** que se porán á venda será de: **3.750**
- Se o importe da compra é inferior ao importe do Bono, **non** se devolverá cambio algún en efectivo.
- Os Bonos **non** son cambiabes por diñeiro en efectivo.



- No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá emitir un **vale polo importe íntegro da compra**, non sendo posible a devolución de diñeiro en efectivo.
- O **prazo límite** para **gastar** os Bonos rematará o **1 de xaneiro de 2026** (este inclusive).
- A **adquisición dos Bonos** realizarase a través da **plataforma dixital** habilitada a tal efecto. No seu caso, nos termos do artigo 13 da Lei 39/2015 de PACAP relativo aos dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas, o Concello de Vilagarcía prestará asistencia personalizada no uso dos medios electrónicos, para a adquisición dos bonos, ás persoas que a precisen. Dita asistencia prestarase nas instalacións municipais que se determinen.
- O Concello poderá, si así o estima oportuno, autorizar á Asociación de Comerciantes “Zona Aberta” a venda de Bonos en **formato físico** nos lugares e horas que se determinen. Neste caso, deberá terse en conta o seguinte:
 - A persoa que pretenda adquirir os bonos, deberán identificarse mediante exhibición do seu DNI orixinal.
 - A persoa que pretenda utilizar en calquera dos establecementos adheridos, bonos de titularidade doutra persoa, deberá manifestar tal circunstancia ao responsable do establecemento exhibindo o DNI do titular dos mesmos.
 - Só se venderán bonos en formato físico á persoa titular do Documento de Identificación que se exhiba no momento da adquisición. Queda prohibido adquirir bonos físicos por conta e/ou en representación de terceiras persoas distintas do titular do DNI.
 - Non se venderán Bonos a menores de idade.
 - Tendo en conta que a iniciativa pretende a dinamización e revitalización do comercio Local e de Proximidade, **queda excluído** o gasto dos Bonos en **alimentación** nos **Supermercados e Grandes Áreas Comerciais**.



BASE SÉTIMA. PROCEDIMIENTO DE TROCO DOS BONOS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS.

Para levar a cabo o troco dos bonos, os establecementos participantes deberán achegar á Asociación Zona Aberta o bono ou bonos orixinais que reciben, debidamente selados, así como o ticket ou factura do gasto correspondente.

A Asociación procederá ao aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento, mediante **transferencia bancaria**, que se realizará a ser posible, semanalmente, na **conta bancaria** facilitada polo establecemento participante.

Non se abonarán bonos falsificados, rotos, deteriorados ou presentados a partir da data límite para gastalos (**1 de xaneiro de 2026**).

BASE OITAVA. ORGANO COMPETENTE PARA A APROBACIÓN DAS BASES.

O órgano competente para a aprobación das presentes BBRR é a Xunta de Goberno Local.

BASE NOVENA. PUBLICACIÓN DAS BASES NA BDNS

As presentes Bases serán remitidas á BDNS e o seu extracto será obxecto de publicación no BOPPO

O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE APARTAR PARA FUTURAS CONVOCATORIAS E DENEGAR A LIQUIDACIÓN DOS BONOS A AQUELES COMERCIANTES NOS QUE SE DETECTE UN USO FRAUDULENTO E LUCRATIVO DA CAMPAÑA.

